

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	OZA-CESURAS
Edificio	Igrexa de Santa María de Cuíña
Dirección	O Piñeiro, s/n. 15389
	43.2266591 -8.2158636
Protección	
Descrición	<p>A igrexa de Cuíña é un templo románico de principios do século XIII, dunha soa nave con ábsida semicircular, e sancristía apegada na fachada sur. De dimensións reducidas, posúe dúas portas de acceso, unha na fronte e outra no muro lateral dereito. A entrada á ábsida realízase interiormente por medio dun arco triunfal de directriz vertical, apuntado que se apoia sobre semicolumnas apegadas con capiteis decoradas con follas de volutas. A ábsida está organizada con tres vans e dous estribos e cada van posúe unha estreita saeteira. Debaixo de cada saeteira ten unha pedra cuns animais esculpidos. O conxunto da igrexa está construído con cantería de boa factura e cachotería. No interior, o coro e a cuberta utilízase o forxado de madeira. hai que sinalar tamén, a utilización de pavimento de terrazo en substitución do lousado de granito orixinal.</p> <p>A fachada é resultado da modificación barroca, segue un esquema pentagonal e no eixo vertical central, organízase de abaixo arriba mediante unha portada en arco apuntado de finais do século XVIII. Sobre o ingreso vai un oco semicircular e, rompendo o vértice do pentágono unha base para unha espadana de dous coorpos flanqueado por dous pináculos piramidais. O primeiro corpo formado por dous arcos de medio punto que descansan sobre piares moldurados e que serven pra aloxa-las campás. Separado dun gran beirado, o segundo corpo fórmao un frontón triangular curvo cun oco circular no medio. Está flanqueado por dous pináculos moldurados con bola e coroado por outro pináculo moldurado rematado con bola.</p> <p>A mediados do ano 1971, o renovar un retablo da nave, descubríronse unhas pinturas murais, ocultas ata entón por varias capas de caleado. Ó ano seguinte, a Fundación Juan March subvencionou os gastos de limpeza e fixación das pinturas. As pinturas foron realizadas no século XVI e nelas ilústranse escenas bíblicas.</p> <p>Como noutras igrexas do rural galego, aparece o cemiterio dentro do recinto do adro, formando un conxunto onde conviven a parroquia dos mortos e a parroquia dos vivos.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	2
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / PATRIMONIOGALEGO.NET
Data	10-04-2018

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	<u>Campá pequena (1)</u>	<u>PALACIO; LISTE (CASTROVITE) (PARROQUIA DE ORAZO)</u>	1864	54	91
Espadana	<u>Campá grande (2)</u>	<u>BLANCO, EMILIO; MENÉNDEZ, FRANCISCO</u>	1869	60	125

Información completa: [Igrexa de Santa María de Cuña - OZA-CESURAS \(GALICIA\)](#)

PDF (21-05-2026)